

Olimpíadas da **SOLIDARIEDADE**

ACTIVIDADE 1



Convértete nun centro que co educa a través da igualdade.

taller de solidariedade
www.tallerdesolidariedad.org

www.tallerdesolidariedad.org

ANTES DE COMEZAR

Detalles a ter en cOnta



Presentámosvos as propostas didácticas e divulgativas do libro "De Nenas a Lendas", que inclúe 24 historias de 25 mulleres deportistas: convertamos o mes de marzo no mes das nenas e as mulleres. As propostas das actividades que vos detallamos a continuación son distintas segundo o curso, polo que se poderían traballar as diferentes historias desde distintas perspectivas en función da idade do alumnado.

Os traballos finais de cada liña serán compartidos entre o resto de compañeiros e compañeiras, para darlle un enfoque máis global e conseguir que a igualdade entre homes e mulleres chegue ao maior número posible de persoas dentro do centro.

Deben terse en conta varias cuestións antes de comezar a desenvolver a actividade:

1. En primeiro lugar, recoméndase facer preguntas previas para saber cal é o coñecemento do alumnado sobre os distintos deportes que aparecen no libro, adaptando polo profesorado estas

preguntas segundo a idade do curso.

2. Propoñémosvos unha serie de actividades específicas para usar na semana en torno ao 8 de marzo, aínda que isto non quere dicir que non se poidan realizar noutro contexto temporal. Simplemente, débese ter en conta o que vaian facer todos os cursos, para evitar a repetición de actividades.

3. A exposición dos murais e demais traballos realizados por cada curso poderíase presentar nos corredores de cada centro ou, en caso de habelo, no *hall* central do colexio, para que todos os cursos poidan velos. Usando estes espazos abertos, tamén damos a posibilidade de que as familias poidan coñecer o proxecto a través dos traballos dos seus pequenos.

Propoñemos que as actividades se leven a cabo a principios de marzo, tendo como data clave o día 8. Expoñeranse os resultados de cada traballo a partires do 9 de marzo e ao longo desas dúas semanas. A duración da exposición decidiríaa cada centro.



ACTIVIDADE 1

Proposta por idades



Antes de continuar lendo, imos observar todos xuntos a imaxe de Álex. Que roupa leva posta? Coñeces o deporte que está a practicar?

Alejandra cumpre 10 anos este outono. Dende moi pequena gustoulle xogar ao fútbol, correr, practicar kárate... Gran parte das persoas que a coñecen estrañanse de que non xogue con bonecas ou que prefira o disface de espía ao de princesa.

Cando tiña 4 anos díxome con cara de tristeza: "Mamá, creo que nunca serei capaz de xogar ao fútbol como os mozos da miña clase". Esa mensaxe viña en parte da escola, do parque, dos amigos, amigas e, en definitiva, de moita da xente que a rodeaba.

Para ela, as mozas só xogaban ao fútbol na súa imaxinación; nunca vira un partido feminino pola tele, nin coñecera a unha futbolista profesional.

Nese momento vin que algo estaba a fallar. Sentíme ao seu lado e díxenlle: "Alejandra, estás equi-

vocada. Ti chegarás a ser o que queiras ser se crees niso. A túa inquietude e as túas ganas axudaránche a sortear os obstáculos e freos que vaías atopando no camiño."

Ela sorriu, con ese medio sorriso que teñen os nenos e as nenas cando aínda seguen tendo un mar de dúbidas no seu interior. Ese día entendín que Alejandra necesitaba coñecer exemplos de mulleres reais de carne e óso, mulleres que marcaran historia no deporte e que estaban máis preto do que ela podía imaxinar. Decidín contarlle 2 historias cada mes, para que ao longo do ano chegase a coñecer a 24 deportistas profesionais que, en diferentes cidades da súa mesmo país, eran tan próximas a ela xeograficamente como afastadas do seu coñecemento. Mulleres que librarán todo tipo de batallas e superado todo tipo de retos deportivos e persoais.



Aquí tes a todas as protagonistas das historias. Obsérvaas: recoñeces a algunha?, que deporte practican?, identificas algo da súa vestimenta?

¿Quen son elas? De esquerda a dereita e de arriba abaixo: Lili Álvarez, Maialen Chourraut, Mireia Belmonte, Verónica Boquete, Ana Carrasco, Isabel Fernández, Blanca Fernández, Gurutze Frades, Patricia García, Gema Hassen-Bey, María López, Carolina Marín, Carmen Martín, Gemma Mengual, Edurne Pasaban, Joana Pastrana, Ana Peleteiro, Teresa Perales, Daida e Iballa Ruano, Sandra Sánchez, Arantxa Sánchez Vicario, Laia Sanz, Amaya Valdemoro y Lydia Valentín.

AGORA PROPOÑÉMOSVOS:

Elaborar un mural en común entre todos os grupos de infantil con dúas opcións:

Opción A: Imprimir imaxes das deportistas en branco e negro e colorearlas. Unha vez coloreadas, usalas para elaborar o mural.

Opción B: Que cada alumno debuxe a un neno e a unha nena coa vestimenta do deporte que prefira, seguindo a liña do libro. Usar estes debuxos para elaborar o mural.



“Podo practicar o deporte que máis me guste.”



Propoñemos facer unhas preguntas previas ao comezo da actividade. Algúns exemplos serían: Que sabedes do deporte? Nomeade os deportes que coñeces, Hai deportes "de homes" e "de mulleres"? Coñeces a *[nome do/da deportista]*? Podes adaptar as mesmas segundo a idade e necesidades do alumnado.

ORGANIZACIÓN DAS HISTORIAS

As actividades basearanse nas historias do libro "De nenas a Lendas", que poderán ser elixidas en función da dificultade, ou ben traballar sobre todas elas. Unha ou outra opción quedarían á vosa elección.

Na nosa opinión, as historias máis sinxelas de ler para a franxa de 2º de primaria serían, por exemplo, a de Verónica Boquete ou a de Laia Sanz. O caso de 1º de primaria exporíase na mesma liña que infantil, dada a dificultade da lectura do libro para esa franxa de idade.

ORGANIZACIÓN DO ALUMNADO

As propostas de actividades, en todos os casos poderanse levar a cabo mediante o traballo en pequenos grupos e de forma cooperativa, de maneira que cada grupo realiza o seu traballo sobre a deportista que se lle asigne ou elixa, tendo a posibilidade de expoñelo despois ao resto dos seus compañeiros e compañeiras. Outra opción será traballar nun gran grupo.

PRIMEIRO DE PRIMARIA

Memory coas imaxes das deportistas

PROPOÑÉMOSVOS:

1. A elaboración do propio Memory por parte do alumnado. Desta forma, ao ir facéndoo irán traballando de forma global os distintos deportes que aparecen no libro e coñecendo os nomes das deportistas.
2. Xogar co memory na aula, para comprobar se han interiorizado os coñecementos traballados. O memory en si mesmo será o material que se expoñerá no centro por parte deste curso.

"Para a elaboración deste xogo de cartas, aconséllase seguir a proposta que aparece reflectida no libro, na parte final de "Actividades para realizar en familia" (Páx. 60)

SEGUNDO DE PRIMARIA

Secuenciación dunha historia

PROPOÑÉMOSVOS:

1. Ler a historia elixida.
2. Dividila en tres partes.
3. Ser capaces de organizala cunha secuencia lóxica.
4. Finalmente, realizar un quebracabezas de cada historia traballada, con palabras e imaxes cruce das mesma. Estes quebracabezas serán o material que proporcionará 2º de primaria para a exposición común.

TERCEIRO DE PRIMARIA

Liña de tempo

PROPOÑÉMOSVOS:

1. Coñecer as historias das deportistas que queiran traballar. Consideramos que as máis adecuadas para o desenvolvemento da liña do tempo serían as historias de Ana Carrasco e Isabel Fernández.
2. Reflectir nunha cartolina grande ou nun mural a liña do tempo da súa historia, desde o seu nacemento, as súas vivencias, dificultades, as súas medallas, etc.
3. ódese realizar a través de debuxos, completar con imaxes que se busquen na internet, etc.
4. Unha vez realizadas as liñas do tempo, poderían ser expostas nos corredores para que os alumnos e alumnas doutros cursos de primaria puidesen continuar interiorizando os coñecementos traballados. Tamén se empregará este contido na exposición final.

CUARTO DE PRIMARIA

Historia sen final

PROPOÑÉMOSVOS:

1. Proporcionar aos alumnos as historias que se seleccionaron, pero incompletas, sen o seu final.
2. A súa tarefa será imaxinar e crear posibles finais a cada historia.
3. Con estes finais alternativos, acceder ao libro e comparar o imaxinado coas historias reais.
4. Tamén existe a posibilidade de modificar as historias desde o inicio en lugar desde o final.
5. Comentar en grupo aquelas dificultades que se puideron observar ao coñecer as historias reais e que viñesen dadas polo feito de tratarse de mulleres.
6. Comentar en grupo se cren que ditas dificultades non tivesen lugar no caso de tratarse de homes.
7. Os finais alternativos serán o material empregado para a exposición final.

QUINTO DE PRIMARIA

Cómic / debuxo

PROPOÑÉMOSVOS:

1. Coñecer as historias a través do libro e elixir unha para cada grupo.
2. Decidir se prefiren facer un debuxo xeral que reflícta toda a historia elixida, ou a posibilidade de realizar un mini-cómic.
3. Dramatizar a historia na aula, para representar o traballado ao resto dos compañeiros.
4. Reflexionar sobre as historias traballadas, dándolles un enfoque de xénero.
5. Os cómics ou debuxos serán o usado para a exposición final.

SEXTO DE PRIMARIA

Mulleres deportistas vs. homes deportistas

PROPOÑÉMOSVOS:

1. Realizar o cómic ou debuxo nunha cartolina grande, para acceder visualmente aos datos máis relevantes de grandes deportistas españois, masculinos e femininos.
2. Partirán das deportistas femininas que aparecen no libro e a partir de aí buscarán o deportista masculino que poñer ao seu lado. Exemplo: deportista feminina de tenis, Arantxa Sánchez Vicario, e masculino, Rafa Nadal.
3. Convidar a dicir nomes de cada un dos deportes tanto masculinos e femininos; facendo especial fincapé naqueles deportes que se consideran máis de mozos ou de mozas.
4. Realizar o comparativa/debate na aula de por que se coñecen máis os deportistas masculinos que os femininos.
5. Realizar unha reflexión entendendo a importancia que ten no ámbito do deporte, entre outros, o xénero da persoa.
6. Exposición dos materiais feitos.



Propoñemos facer unhas preguntas previas ao comezo da actividade. Algúns exemplos serían: Que sabedes do deporte? Nomeade os deportes que coñeces, Hai deportes "de homes" e "de mulleres"? Coñeces a *Inome do/da deportista*? Podes adaptar as mesmas segundo a idade e necesidades do alumnado.

ORGANIZACIÓN DE LAS HISTORIAS

As actividades basearanse nas historias do libro "De nenas a Lendas" que quedan a elección do grupo de profesorado.

ORGANIZACIÓN DEL ALUMNADO

As propostas de actividades, en todos os casos poderanse levar a cabo mediante o traballo en pequenos grupos e de forma cooperativa, de maneira que cada grupo realiza o seu traballo sobre a deportista que se lle asigne ou elixa, tendo a posibilidade de expoñelo despois ao resto dos seus compañeiros e compañeiras. Outra opción será traballar nun gran grupo.

PRIMEIRO E SEGUNDO DE SECUNDARIA

Investigación

PROPOÑÉMOSVOS, PARA TRABALLAR EN HORAS DA MATERIA DE "LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS":

1. Investigar pola vosa conta sobre as figuras das deportistas do libro, coñecer a historia de cada una usando a rutina de pensamento da "análise asociativa".
2. Despois de investigar e profundar nos valores do libro, a actividade final consistiría en elaborar unha reportaxe completa ou folleto informativo sobre as deportistas.
3. Mediante todo este traballo e a súa aplicación ao proxecto final, falaríamos de estereotipos, de igualdade e da importancia de contribuír á igualdade de dereitos de homes e mulleres, así como da súa relación coas liñas transversais de Taller de Solidariedade.

TERCEIRO E CUARTO DE SECUNDARIA

Debate

PROPOÑÉMOSVOS, PARA TRABALLAR EN HORAS DA MATERIA DE "LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS":

1. Coñecer en profundidade a vida das deportistas.
2. Preparar, xunto ao profesorado implicado, as liñas do debate: búscase falar de igualdade, estereotipos no deporte e no resto de ámbitos, como esa reprodución de estereotipos leva á desigualdade de dereitos (no noso país e en todo o mundo), proxectos de Taller de Solidariedade que poñen ás mulleres no centro para contrarrestar esta situación, etc.
3. Celebración do debate
4. O proxecto final consistiría en realizar un vídeo coas conclusións ás que chegasen os alumnos tras o debate. Tamén pode desenvolverse un folleto informativo.



MEDALLA AZUL

Entreno conciencia: Igualdade entre homes e mulleres

Acadar esta medalla permitirache dar un paso máis, para que a túa entidade se convirta nun centro que co educa a través do deporte.

¿Cómo acadar a vosa primeira medalla olímpica?

- 1.** Xa descargache a actividade, así que xa tés parte do camiño adiantado.
- 2.** Realiza as actividades en torno ao 8 de marzo, Día Internacional da Muller (preferiblemente nas semanas do 9 ao 13 de marzo ou do 16 ao 20 de marzo).
- 3.** Unha vez realizadas, envíanos unha mensaxe ao correo electrónico sensibilizacion2@tallerdesolidaridad.org co nome do teu centro, tres fotos da actividade (para que poidamos publicalas na nosa web), o número de participantes na actividade e as súas idades.
- 4.** Comparte nas redes sociais a túa participación na actividade. Podes empregar mensaxes e hashtags coma estes: "Hoxe #DíaInternacionalDaMuller 200 dos nosos nenos e nenas reflexionaron sobre a igualdade de xénero a través do deporte grazas ao programa #AdestroConciencia #OlimpiadasDaSolidariedade da ONG @tallerdesolidaridad"



Olimpíadas da
SOLIDARIEDADE

ACTIVIDADE 1

taller de solidaridad
www.tallerdesolidaridad.org

www.tallerdesolidaridad.org